

NÚMERO 13// OUTUBRO 2022

CHÍO

CARREÑO, SI É CARREÑO



A REVISTA CULTURAL DIXITAL DE LUGOSEMPRE

Obra de Xoan Vila. Da serie: A cara é o espello da alma

Escola de Artes Aplicadas. E.A.A.O.A.
Lugo. Especialidade Talla Madeira.
CENTRAD. Lugo.

En 1990 coñece en Santiago ao profesor e escultor Aldrey Lázare (artista de recoñecido prestixio e discípulo de Asorey); con quen chega a ampliar o seus coñecementos artísticos e culturais. Pronto comeza expoñer de forma continuada. Traballa sempre na plástica, experimentando con formas e materiais nobres, procurando unha linguaxe íntima ca arte e a natureza, sendo unha constante na súa vida.

A súa obra expúxose en diferentes salas, galerías e museos, dentro de múltiples exposicións, tanto individuais coma colectivas.


En 2008 e 2009 foi invitado a participar nos salóns de A'utonne Espace champerret de París.

A súa presenza en certames, lévao a recibir premios e o recoñecemento por parte da crítica e deste xeito, outórganselle numerosas distincións: primeiro premio escultura Bienal Meigas e Tragos (Lugo) , segundo premio nacional escultura Ministerio de Fomento(Madrid), primeiro premio nacional XVI Certamen Galería Burela, Mención de Honra XIV certame internacional Concello de Cangas (Pontevedra),...por citar algúns.




Algunhas das obras de **Xoan Vila** engrosaron nos últimos anos os fondos de distintos museos, institucións públicas e coleccións privadas.

Na actualidade, podemos atopar obras súas en: Ministerio de Fomento (Madrid), Universidad de Santiago de Compostela, Museo Provincial de Lugo, Ateneo de Ferrol, Xunta de Galicia, Correos(Lugo), Galería Burela, Excma. Deputación de Lugo, ...



PORTADA INTEGRAL*






MEIGALLO, FEITIZO, MALEFICIO

Propoñer esta locura
de andar dixitando na pantalla
por mor da cultura,
neste Lugo que batalla
e pouco supura,
semella un conxuro de meigas
con este trece disposto, a tocar cen veces, madeira.

Sobornar ós aspectos que van fóra da razón, se acaso por sentirnos máis fortes; non impide que, en certas circunstancias, abdiquemos a prol dalgunhas crenzas. Porque habelas, hainas!

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO GALEGO • FESTA DE INTERESE TURÍSTICO NACIONAL



LUGO
SAN FROILÁN
4-12 DE OUTUBRO **2022**






WWW.SANFROILAN.INFO



Concello de Lugo

EVENTO DO MES

SAN FROILÁN. RETROSPECTIVA DE CARTEL



SAN FROILÁN PERDENDO IDENTIDADE



As festas do San Froilán, pomposamente chamadas “As Festas do Outono Galego”, están a perder nos últimos anos a identidade que as mantivo como referente de festa tradicional no País.

Pode chegar o caso no que se faga realidade aquel dito de “Entre todos la mataron y ella sola se murió”; xa se sabe, crear un dano para o que ninguén pon remedio.

Entre un “Arde Lucus” exitoso pero con moi pouco treito para medrar; cun “Caudal Fest” en clara competencia cos responsables de organizar as festas do patrón e para máis amolar, pegadiño as datas do comenzo das festas titulares do Concello e, polo que se ve, nas que organiza a formación nacionalista, en clara competencia mirando o, quen da máis, pero decantando a programación cara o sector xuvenil da poboación. Vale, está ben; pero eso non quita que se deixe de lado o resto dos veciños e visitantes.

Onde están as orquestras para o baile?, as que dan espectáculo xa sabemos delas, e polas contornas andan a coto. Onde está un Gran Festival de bandas de música de toda Galicia?; ¡ahí, claro a de Lugo nin está nin se lle espera. Onde está una feira exposición en condicións que sirva de mercado galego de referencia, certo, certo que mudaron moitas cousas, pero a nosa provincia a pesares da súa extensión, estase a quedar raquíta en iniciativas que nos leven a ser referencia no mundo da gandeiría e da alimentación; fagamos de Lugo a “Gran Despensa”, e fagamos escaparate nas festas do Patrón. Que tradición e modernidade vaian da man.

Por un San Froilán axeitado a tódalas sensibilidades.

OUTRAS PERSPECTIVAS DO NOSO LUGO (PROVINCIA II)

ESTHER ACITORES

Última entrega das recomendacións para visitar en Lugo provincia, de **Esther Acitores**. Tomen boa nota.



En nuestro recorrido por la provincia de Lugo, nos vamos acercando a la zona sur. No visitaremos la Ribeira Sacra en su vertiente más conocida, huimos de los tópicos, aunque al estar tan cerca es una muy buena opción, en esta ocasión nos vamos a dirigir a la zona de Quiroga, donde ponemos visitar su Museo Geológico, para hacernos una idea de la zona que hoy comprende el **Geoparque del Courel** y entender el porqué de la importancia de estas montañas, después nos vamos a acercar al **Plegamiento Herciniano de Campodola-Leixazós**, el afloramiento de rocas que ya existían en la época del supercontinente de Pangea, hace de éste, un enclave único en toda la región.

Lo verdaderamente curioso de este interesante de este plegamiento es que es posible observarlo a simple vista, ya que lo habitual es que este tipo de plegamientos se encuentren en el interior de la Tierra.

Sin salir de la comarca nos vamos a dirigir a la localidad de Ribas de Sil, donde recientemente se abrió al público el **Museo de la Minería Romana de San Clodio**, puesto que toda esta zona fue conocida y explotada en época romana para la obtención de oro.

En el museo, amén de las explicaciones sobre el Geoparque, se explica el funcionamiento del sistema minero romano, con las diferentes formas de extracción y hay una maqueta del **Túnel de Montefurado**, al que nos podemos acercar después de visitar el museo, puesto que se encuentra muy cerca.



Sabemos que el río Sil es aurífero, aunque solo sea por la minas romanas más conocidas: las Médulas (León) Aquí encontramos una mina romana para la extracción del oro que utiliza dos métodos a la vez: por un lado el mismo método que en las Médulas, el Ruina Montium; es decir, atravesar la montaña con diversas galerías excavadas de forma vertical y también horizontal y hacer acopio de una gran cantidad de agua en la zona más alta de la mina; una vez finalizadas las galerías se provoca su inundación, lo que hace que el terreno se derrumbe y así era mucho más fácil la obtención del preciado metal.

Otra de las formas de obtención del oro utilizadas por los romanos en esta zona fue la construcción del túnel de Montefurado, que cambió el curso del río (como se observa en la fotografía aérea) y de esta forma, poder obtener los sedimentos de oro acumulados en el meandro.



Que los romanos llegaron a esta zona atraídos por el oro no es ningún secreto, de esta zona partieron hacia Roma cargamentos enteros del metal dorado. De hecho, en toda esta zona es posible visitar tanto minas en sus diferentes formas como la **Mina de la Toca** en la zona del Courel o los **castros** ligados a minas como el de **Santa María do Castro**, situado en Cervantes, en la zona de los Ancares.

No podemos dejar de visitar la zona de los Ancares, la montaña por excelencia de la provincia de Lugo, y antes de llegar a las **Pallozas de Piornedo**, que merecen una visita, sin lugar a dudas, nos vamos a acercar al nombrado castro de Santa María do Castro, que bien puede decirse que es su antecesor.



El Castro datado entre los siglos I y II d.C. puede ser una referencia básica para el estudio del proceso de romanización de la cultura castrexa. Nos encontramos con un castro, en cuya croa se construyó, en la Edad Media, una iglesia y un cementerio y que hoy podemos ver en parte excavado y muy bien conservado. Es posible ver la gran altura de las casas, la muralla que rodeaba el castro y servía de defensa.

Un castro que bien nos puede servir como referencia de los otros tantos, aún sin excavar en la zona y que servían como elementos integradores de ambas culturas, siempre pensando que fueron utilizados para la explotación de las minas de oro de la zona.

*"Yo soy **Esther Acitores**, la guía de turismo que os ha intentado guiar por estas joyas, a veces poco conocidas, de nuestra ciudad y provincia*; aunque palentina de nacimiento, soy gallega por amor, y nunca mejor dicho, me enamoré de un gallego y me vine a vivir a esta ciudad de la que estoy enamorada y la que intento enseñar a nuestros visitantes desde hace ya una docena de años (cuando me examiné del carnet de guía de turismo) Hoy en día saliendo de esta pandemia que nos ha tenido encerrados casi un par de años, os invito a conocernos, a disfrutar de todo lo que puede ofrecer esta tierra, buenos productos, mejores gentes y miles de lugares con encanto e historia."*

O REGRESO DUNHA (BOA) CITA




Recupérase neste outubro de 2022, unha cita musical a non perder: o **Festiblus**, que celebrará en Lugo, a súa sexta edición ao longo de dous fines de semana consecutivos.

O evento comezará o venres 14 de outubro con **Tía Carroll Band**, unha das grandes divas do blues & soul, chegada dende os EUA; para seguir o sábado 15, coa sensación galega do blues, que son neste momento **The Lákazans @thelakazans**.

O venres 21 de outubro, a cita será con **Red House Revival**, capitaneado polo guitarrista **Paco Simón** e o evento pecha o sábado 22, con **Itziar Yagüe Sextet**, unha compositora e cantante capaz de recoller a esencia dos clásicos da música afroamericana, o gospel ou o jazz antigo.

Todos os concertos terán lugar na "casa musical" lucense **Clavicémbalo** (se premes na ligazón podes ver o calendario completo e os horarios correspondentes) coa posibilidade de adquirir entradas na billeteira do local, ou ben mercar un abono para a totalidade do evento (catro concertazos, todo hai que dicilo).

Dende **Chío**, insistimos na gran calidade do cartel deste Festiblus e animamos a todos/as os lucenses a vivir a experiencia da música en vivo.



VIÚVA DE VIVO.

ELVIRA CEREIJO

Casaches sen darte conta,
soñabas con outro sino,
non pensaches nesta afronta
nin quedar morta no olvido.
Ollando sempre o camino
por onde marchou unha maña...
Con aire triste e cansino
mandouche un bico ca man.
Deixou promesas con tino
de amor e prosperidad,
de un bo futuro por fillo
que axudaban a aguantar.
Deixou soños cristalinos
con ilusions verdadeiras,
deixou o fogar baleiro
e un gran oco na lareira.
Nas longas noites con frío
os sorrisos ían mermando
nos días tan infinitos
cargadiños de traballos.
Coa esperanza en exterminio
os anos van de vagar,
moito tempo trascendido
e moito mais a pasar.
O desalento é corrosivo
róelle o corazón
ó ver orfo o propio fillo
pola inxusta emigración.
Nos sobres van ben escritos
baixo o fulgor do candil
con linguaxe mortecina
fai as letras revivir.
Conta como sobrevive
e mais mandarlle un retrato
da cariña do seu fillo
que medra nun corpo fraco.

Nada devolve o navío
que atravesou o gran mar
e levou pra outro destino
a quen ela quere ollar.
A tristeza muda en hastío
a incerteza fai tolear,
ca angustia nun torbellino
a moza tenta flotar.
Nun porvenir sombrízo
sigueu a roda a xirar
non voltou morto non vivo
nada se soubo xamais.
Quedaches por vecindario
nin solteira nin casada
quedaches viúva de vivo
e cos anos arrimada.
Fixeches unha familia
levantaches a cabeza,
a lareira estivo chea
aínda habendo ben pobreza.
Dicían que era pecado
a amiganza cun vecino,
vivíu baixo o teu tellado
foi pai ,amante e amigo.
Pensaban que por ser pobre
o buscabas pra te manter
compartistes o que houbo
xuntos ata morrer.
Hoxe ficas no paraíso
onde vai a xente boa
por iso aquí che pido
cóidanos sempre avóa.
Fuches muller valente
de inusitado coraxe,
fuches María da Muxena
e adicoche esta homenaxe.



Elvira Cereijo, nacín chairega fai 52 anos e sempre me gustou escribir poesía. Síntome privilexiada por poder dispoñer deste gran recurso entretido e terapêutico e do que fago uso habitualmente. Autoeditei varios libros de poesía variada e foi un soño cumprido facelo e velos materializados no papel. Este poema, “Viúva de vivo” pertece o meu primeiro libro: “No tempo da cinza” adicado os meus avós.

Grazas a **CHÍO** e a **Lugo Sempre** por permitirme asomarme a todos vos a través de esta fiestra.

Moita saúde para todos e todas.



ACLARANDO

Chío avanza ao abeiro da asociación cultural e observatorio político, **Lugo Sempre** (www.lugosempre.com)

No referente aos **contidos** deste número de **Chío**, puntualizamos que a revista contén ligazóns interactivas, capaces de trasladar ao lector/a, cara a contidos externos. Simplemente premendo nas ligazóns subliñadas, como é o caso, por exemplo, da propia web de **Lugo Sempre**.

Con respecto o * amosado na portada integral de **Xoan Vila**, engadimos que a obra "Carreño, si é Carreño" está feita en madeira de castiñeiro autóctono e pertence, tal e como ben se indica, á serie: "A cara é o espello da alma".

O cartel de San Froilán 2022, que difundimos tamén nesta revista, é de **Alfredo León Mañú** @alfredoaoiz


No apartado das **imaxes**, aclaramos que todas son estampas de **Lugo** ou provincia; ben cedidas, ben de autoría propia.

Como agasallo para quen decide reparar especialmente neste apartado da revista, vaia un adianto do que virá: agardamos poder publicar unha adealla moi curiosa deste número, arredor de finais de mes. Sigán atentos as súas pantallas!

Coordina e dirixe Chío, Melina López.



[LugoSempre](https://www.facebook.com/LugoSempre)



[@lugosempre](https://www.instagram.com/lugosempre)